

A/A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

Avda. María Victoria Moreno, 43 5ª - 36003 - Pontevedra (Pontevedra)

ASUNTO: Alegacións ao Estudo de Impacto Ambiental e ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (Proxecto de Interese Autonómico) do proxecto do parque eólico Toroña, emprazado nos concellos de Oia, Baiona, Tomiño e O Rosal, provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/149)

Don/Dona _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista da RESOLUCIÓN do 1 de decembro de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto de interese autonómico, do parque eólico Toroña, situado nos concellos de Oia, Baiona, Tomiño e O Rosal, na provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/149), expoño as seguintes alegacións:

- 1. Estase a producir unha fragmentación fraudulenta de proxectos eólicos: o parque eólico Toroña e as súas infraestruturas de evacuación son comúns con outros proxectos.**

O parque eólico Toroña promovido pola empresa Lan2030 Toroña, S.L. propón o traslado do Punto de Conexión da rede xeral da subestación Gondomar á futura subestación Barrantes xa que será compartida con outros parques eólicos que se atopan en tramitación na zona. A subestación Barrantes forma parte do proxecto do parque eólico Albariño I (expediente IN661A 2007/1-4), o cal conta actualmente cunha **Declaración de Impacto Ambiental Desfavorable.**

Considérase que estamos ante unha fragmentación irregular, no que respecta á tramitación ambiental, que impide que se poidan avaliar correctamente todos os efectos acumulativos e sinérxicos. Isto deriva dunha información pública fragmentada de cara á cidadanía e outras administracións.

- 2. O prazo para a obtención dunha Declaración de Impacto Ambiental (DIA) remata o próximo 24 de xaneiro de 2023. Os proxectos que non acaden esta DIA antes, caducarán e serán arquivados.**

O recollido no Real Decreto 29/2021 do 21 de decembro de 2021 (BOE 22/12/2021), modificando o Real Decreto 23/2020 (BOE 23/06/2020) na súa disposición final terceira pon de manifesto que o DIA do parque eólico Toroña **non será resolto a tempo**, pois este proxecto estará en exposición pública ata o día 25/01/2023. Así pois, caducarán os permisos de acceso e de conexión á rede eléctrica.

- 3. A localización dos aeroxeradores T-2 e T-3 incumpre a distancia mínima establecida cos núcleos de poboación na Lei 16/2021, de 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.**

Esta lei dita que a distancia entre os aeroxeradores e a delimitación do solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable debe ser maior que cinco veces a altura total do aeroxerador. Os aeroxeradores de Toroña medirán un total de 180 metros, polo que a distancia mínima debe ser de 900 metros. **O aeroxerador T-2 situarase a 830 metros de San Cosme e o aeroxerador T-3 a tan só 720 metros.**

- 4. Os aeroxeradores provocarán unha perda de solo forestal aproveitable e limitacións de construción para as persoas propietarias**

Prohíbense as plantacións de todo tipo a menos de 200 metros de calquera aeroxerador, así coma a construción de edificacións. O solo pasará a ser considerado Solo Rústico de Especial Protección de Infraestruturas (SREPI), o cal conleva perda de dereito e incremento de deberes ás persoas propietarias. A inexistencia dunha Relación de Bens e Dereitos Afectados na que se recolle o número de parcelas afectados impide que as persoas propietarias teñan acceso a esta información.

- 5. As infraestruturas do parque eólico Toroña atravesarán diferentes montes veciñais en man común repercutindo negativamente sobre o aproveitamento dos mesmos.**

Este feito supón unha clara interferencia no modo de vida dos veciños e veciñas que teñen no monte a súa fonte de ingresos. Neste senso debe dirimirse a prevalencia de usos sen que deba prevalecer o interese

público sobre do comunal. Os montes veciñais en man común afectados son os seguintes:

- **Montes de Bahiña** (Baiona): aeroxeradores T-1, T-2 e T-3 e as súas infraestruturas asociadas máis a canalización subterránea.
- **Mougás** (Oia): viario de acceso e canalización subterránea.
- **Viladesuso** (Oia): canalización subterránea.
- **Burgueira** (Oia): aeroxerador T-4 e as súas infraestruturas asociadas máis canalización subterránea.
- **Pedrada, Castillo e Queimado** (Tomiño): subestación, edificio de control e canalizacións.
- **.Galelo, Sobreiro, Hospital, Souto, Solleiro, Rocha, Santa Rosa e Gibao** (Tomiño): aeroxerador T-5 e as súas infraestruturas asociadas.
- **Serra Argallo** (Oia): aeroxeradores T-6, T-7, T-8, T-9 e T-10, a torre meteorolóxica e as súas infraestruturas asociadas.
- **Serra Argalla, Rozas, O Poste, Fial, Devesa da Igrexa, Moura, Trincadeiras, Ave María, Luis e Filimón** (Tomiño): viario de acceso e aeroxerador T-10 e as súas infraestruturas asociadas.
- **Santa Mariña do Rosal** (O Rosal): viario de acceso.
- **Eiras** (O Rosal): viario de acceso.
- **Loureza** (Oia): aeroxeradores T-6, T-7, T-8 e T-9 e as súas infraestruturas asociadas.

6. O EIA non analiza o impacto do parque eólico sobre as captacións de auga presentes na área

As obras que se levarán a cabo para modificar o viario afectarán a varias captacións de auga para o abastecemento humano denominadas grupalmente como “Nido do Corvo” da CCUU A Cheira (Toroña, Oia). Estas captacións abastecen a 21 vivendas, dous establecementos hosteleiros a un club de bolos de Toroña. A pesar da importancia desta cuestión, o EIA do parque eólico de Toroña non a trata.

7. As canalizacións para o cableado dos eólicos afectarán ao ámbito de protección de augas relativa aos dereitos mineiros vixentes do manancial de augas mineiro-naturais AGUASANA 2

As obras afectarán gravemente á hidrografía dos ríos e, por conseguinte, á calidade da auga. Ademais, existe un alto risco de que se vexa afectada a masa de auga subterránea denominada O Morrazo-Pontevedra-Vigo- Baiona.

Este elemento ten un valor xeoestratéxico polo que resulta de vital importancia analizar as posibles afeccións sobre del para garantir a mínima afección sobre a auga.

8. Subestímase as afeccións sobre as zonas húmidas da Serra da Groba

Existen incoherencias no EIA en canto ás afeccións á hidrografía. Sínálase que a instalación do parque eólico non afectaría á rede hidrográfica a pesar de recoñecer unha serie de impactos que son irreversibles. Os humidais permanentes e estacionais son imprescindibles para a supervivencia dalgunhas especies ademais do valor paisaxístico que aportan na serra.

9. Subestímase o impacto visual e paisaxístico que o parque eólico Toroña xera na súa contorna, especialmente no caso da Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP) Serra da Groba.

Os aeroxeradores T-1, T-2 e T-3 situaranse na contorna inmediata da AEIP Serra da Groba. Ademais, a canalización terá afeccións directas nesta área e causará impactos negativos sobre o humidal Brañas da Groba. En total, existen 12 Espazos de Interese Paisaxístico dentro dos 10 quilómetros de radio de estudo, o cal demostra o valor paisaxístico da zona. **As medidas correctoras non poderán eliminar o impacto visual que producen os aeroxeradores.** Tanto o proxecto do parque eólico **Albariño I** coma o proxecto de **O Merendón** obtiveron unha **DIA desfavorable** en gran parte polas afeccións significativas e irreversibles sobre a paisaxe da Serra da Groba, polo que a instalación do parque eólico Toroña carece de coherencia neste senso.

10. A construción do parque eólico Toroña incumprirá as Directrices da Paisaxe de Galicia ao producir diferentes afeccións sobre afloramentos rochosos.

Nas partes altas da Serra de Argallo dominan os afloramentos rochosos que se verán severamente afectados polas instalacións do parque (aeroxeradores, camiños novos, etc.). A localización dos aeroxeradores T-7 e T-9 é especialmente sensible.

11. Non se valora a importancia ambiental e cultural dos cabalos salvaxes da Serra da Groba

A presenza das burras nos montes son indispensables para conservar a biodiversidade. Estes animais manteñen controlada a vexetación e impiden a propagación dos lumes. Ademais, supoñen un patrimonio inmaterial de gran tradición que ten un alto valor turístico. As infraestruturas do parque eólico provocarán unha perda dos hábitats dos cabalos, provocando que as manadas se despracen en busca de que alimentarse.

12. O vixente Plan Sectorial Eólico de Galicia polo que se rexen os proxectos eólicos non foi sometido ao procedemento de avaliación estratéxica, incumprindo así a lexislación ambiental actual española.

A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, considera que a avaliación ambiental é indispensable para asegurar a protección do medio ambiente. A falta de sometemento do Plan Sectorial Eólico á avaliación ambiental estratéxica implica ademais o incumprimento das seguintes normas europeas: Directiva 2011/92/UE, Directiva 2003/35/CE e Directiva 2001/42/CE, todas elas relacionadas coa materia en medio ambiente.

13. O parque eólico Toroña sitúase sobre unha posible zona de ampliación da Rede Natura 2000 polo seu alto valor ambiental.

A Serra da Groba e Monte da Valga é unha das novas zonas propostas para a ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia. De acordo co Plan Sectorial Eólico de Galicia, débese evitar o aproveitamento eólico en áreas da Rede Natura 2000 pola súa incompatibilidade cos valores ambientais destas.

En virtude de todo o exposto,

SUPPLICO: A non construción do parque eólico en base ao rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental, ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (Proxecto de Interese Autonómico), en concreto, das instalacións do parque eólico Toroña, emprazado nos concellos de Oia, Baiona, Tomiño e O Rosal (provincia de Pontevedra) (expediente IN408A 2020/149).

En _____, a, ____ de _____ de 2023

Asdo. _____